



Guía Docente				
Datos Identificativos			2024/25	
Asignatura (*)	Planificación e xestión de destinos e produtos turísticos de congresos e convencións		Código	615524113
Titulación				
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuádrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	EconomíaEmpresa			
Coordinación	Rodríguez Fernández, María Magdalena	Correo electrónico	magdalena.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Fernández, María Magdalena	Correo electrónico	magdalena.rodriguez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Os obxectivos da materia son os seguintes: 1)Definir e contextualizar conceptos básicos relacionados co turismo MICE, así como analizar a situación actual e tendencias. futuras no mercado do turismo de negocios e reunións. 2) Coñecer os axentes ou entes implicados máis importantes no desenvolvemento deste tipo de turismo. 3) Estudar as características máis importantes que diferencian os congresos; as convencións; as xornadas, seminarios, simposios; as feiras, salóns, exposicións e; as viaxes de incentivos. 4) Analizar e desenvolver os pasos a seguir para organizar un congreso nos seus diferentes aspectos. 5) Determinar a importancia da mercadotecnia de destinos e produtos no turismo de negocios e reunións coa finalidade de salientar determinados aspectos vinculados á comercialización, comunicación, imaxe e posicionamento. A utilidade desta materia para a Planificación e Xestión do turismo fundaméntase en: a) Mellorar a prosperidade a longo prazo da comunidade local. b) Deleitar aos visitantes maximizando a súa satisfacción. c) Aumentar a rentabilidade das empresas locais e os efectos multiplicadores na súa economía. c) Optimizar os impactos do turismo, asegurando un equilibrio sostible entre beneficios económicos e custos socioculturais e ambientais. d) Promover o destino e satisfacer as necesidades de turistas e comunidade local. Entre os beneficios que reporta o turismo de negocios e reunións, cabe destacar os seguintes: Económicos, Culturais (status, formación...), Desestacionalización, Publicidade beneficiosa e gratuíta, Crecemento de ingresos debido a que o gasto medio deste tipo de turistas é superior ao vacacional, Diversificación da oferta, Economías de escala e Boa imaxe de destino Esta tipoloxía de turismo contribúe polo tanto, ao posicionamento turístico das cidades, dos organizadores, dos patrocinadores e dos colaboradores e mesmo das temáticas específicas dos congresos.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Descibir a situación actual e as tendencias futuras no mercado do turismo de reunións e convencións.		AP1	
		AP4	
		AM2	
		AM3	
Identificar os axentes ou entes implicados no desenvolvemento do turismo de reunións e convencións.		AP3	



Planificar novos produtos turísticos para reunións e convencións.	AP1 AP3 AP4 AP6 AI1 AM2 AM3	BM2 BM3 BM4 BM7	CM1 CM3 CM4 CM6 CM8 CM9
Aplicar os pasos a seguir para organizar un congreso nos seus diferentes aspectos.	AP1 AP6 AM2 AM3	BM1 BM2 BM3 BM7 BM10	CM1 CM3 CM4 CM6 CM8 CM9
Avaliar a importancia da mercadotecnia de destinos e produtos no turismo de negocios e reunións.	AP6 AI1 AI2 AM1	BM2 BM7	CM1 CM2 CM4 CM9
Aplicar las TIC para la comunicación, promoción y la comercialización de productos turísticos para reuniones y convenciones.	AM1	BM7	

Contidos	
Temas	Subtemas
TEMA 1: INTRODUCCIÓN AO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN	1.1. DEFINIÇÃO E CONTEXTUALIZACIÓN DO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN 1.2. SITUACIÓN ACTUAL E TENDENCIAS DO MERCADO DE NEGOCIOS E REUNIÓN 1.3. O TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN EN ESPAÑA, GALICIA E CORUÑA: ANÁLISE DA OFERTA E DEMANDA
TEMA 2: ESTRUTURAS ORGANIZATIVAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN	2.1. OS CONVENTION BUREAU 2.2. EMPRESAS OPC: ESTRUCTURA E FUNCIÓN 2.3. AXENCIAS DE EVENTOS 2.4. AXENCIAS DE COMUNICACIÓN 2.5. PROVEDORES DE SERVICIOS: ANIMACIÓN, CATERING, AXENCIAS DE VIAJES,? 2.6. PAZOS DE CONGRESOS E EXPOSICIÓN 2.7. RECINTOS FEIRAIS 2.8. ASOCIACIÓN E OUTROS AXENTES IMPLICADOS: MEDIOS DE COMUNICACIÓN, ADMINISTRACIÓN, TRANSPORTES..
TEMA 3: O CONGRESO, A CONVENCION E OUTRAS TÉCNICAS DE NEGOCIO E REUNION ASOCIADAS AO MUNDO DA EMPRESA TURISTICA	3.1. OBOJECTIVOS E FUNCIÓN. 3.2. CARACTERÍSTICAS: CONTIDOS E PROGRAMA; TEMPORALIDADE; DESTINATARIOS; DIFUSIÓN; INTENSIDADE; REQUISITOS INTERNOS; CORPORATIVIDADE; ACCIÓN PARALELAS
TEMA 4: A ORGANIZACIÓN DUN CONGRESO	4.1. FASES E DESENVOLVEMENTO 4.2. PREPARACIÓN E ORGANIZACIÓN 4.3. COMERCIALIZACIÓN E DIFUSIÓN 4.4. EXECUCIÓN E CONTROL



TEMA 5: A APLICACIÓN DO MARKETING DE DESTINOS E PRODUTOS AO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN	5.1. QUE DEBE FACER UN DESTINO PARA TER ÉXITO NESTE TIPO DE TURISMO 5.2. PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DO TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN 5.3. A IMPORTANCIA DA IMAXE E O POSICIONAMENTO PARA O TURISMO DE NEGOCIOS E REUNIÓN
---	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A1 A11 A3 A4 A12	4	8	12
Traballos tutelados	A6 A10 A8 A9 B2 B3 B4 B7 C1 C3 C4	7.5	10	17.5
Presentación oral	B2 B4 B10 C2 C6 C8 C9	1	0	1
Aprendizaxe servizo	A6 A10 A8 A9 B2 B3 B4 B7 C1 C3 C4	7.5	10	17.5
Sesión maxistral	A1 A11 A3 A8 A9 B1	24	0	24
Atención personalizada		3	0	3
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Facilitaranse como máximo aos alumnos/as da modalidade presencial dous textos ou lecturas como complemento ás sesións maxistras. O obxectivo destas é xerar discusión, fomentar a participación activa do alumno/a e resolver as cuestións que se formulen. O idioma das devanditas lecturas poderá ser o inglés ou o castelán. As lecturas deberán ser desenvolvidas e debatidas por todos os estudantes ao longo das sesións maxistras.
Traballos tutelados	Elaboración dun traballo en grupo relacionado coa materia en cuestión, onde o alumno/a deberá ser capaz de organizar un congreso de turismo nun destino, cuxa temática e lugar quedarán a elección deste. Para iso deberán de crearse entre dous e cinco grupos de traballo, aínda que o número de grupos definitivo dependerá dos estudantes matriculados na materia. Durante a impartición das sesións maxistras levarase a cabo a tutorización correspondente ao traballo desenvolvido, así como o seguimento da labor levada a cabo polos diferentes grupos. Os traballos deberán expoñerse en público nas datas establecidas.
Presentación oral	Os diferentes membros do grupo deberán expoñer o traballo tutelado como xa se ten especificado na metodoloxía anterior. Aspecto que será valorado na nota final.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, no que o alumnado se forma traballando en necesidades reais da súa contorna coa fin de melloralo. Plantexarase aos alumnos/as matriculados/as a materia a posibilidade de participar nunha actividade aprendizaxe-servizo con alguna entidade colaboradora. O alumno/a poderá escoller entre a actividade aprendizaxe-servizo ou o traballo tutelado, é dicir esta actividade e a anterior son excluíntes, de tal xeito que o alumnado só realizará unha delas.
Sesión maxistral	Explicación dos contidos que conforman o marco teórico da materia mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, a través de medios audiovisuais (power point) e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a súa aprendizaxe. Todos os estudantes terán acceso a este material a través das plataformas campus virtual ou Teams. A asistencia a clase para os estudantes da modalidade presencial será obrigatoria polo que se computará a efectos da nota final. Como parte das sesións maxistras poderase organizar unha saída externa para coñecer in situ o funcionamento dalgunha empresa relacionada coa organización de eventos.



Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe servizo Lecturas Traballos tutelados	Estou a disposición dos alumn@s para tutorías online cando o precisen, para concretar o día e a hora deberán de contactar previamente coa profesora por correo electrónico (magdalena.rodriguez@udc.es) Durante o curso académico, prestarase atención personalizada e continua a todos os estudantes matriculados nesta materia, tanto para responder preguntas sobre as clases presenciais como para abordar temas relacionados co traballo tutelado ou coa actividade-aprendizaxe servizo. Neste sentido, os distintos membros do grupo, ou os estudantes individualmente, poderán plantexar as dúbidas correspondentes ás sesións maxistrais, ao desenvolvemento das lecturas, á preparación do traballo tutelado ou coa actividade-aprendizaxe servizo. As tutorías realizaranse de forma presencial ou por Teams Teams: magdalena.rodriguez@udc.es Correo electrónico: magdalena.rodriguez@udc.es Teléfono: 881 01 2592

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe servizo	A6 A10 A8 A9 B2 B3 B4 B7 C1 C3 C4	Tal e como se comentou no apartado de planificación a actividade "aprendizaxe servizo" e a actividade "traballos tutelados" SON EXCLUINTES, polo que o alumnado escollerá entre realizar unha ou outra actividade, de tal xeito que a nota correspondente será a suma da asignada a cada actividade, é dicir un 60% da nota final.	30
Sesión maxistral	A1 A11 A3 A8 A9 B1	Asistencia e participación obrigatoria que se valorarán tendo en conta a implicación dos estudantes nas sesións presenciais.	10
Traballos tutelados	A6 A10 A8 A9 B2 B3 B4 B7 C1 C3 C4	Avaliación continua do traballo realizado ao longo da materia. O desenvolvemento do traballo representará o 60% da nota final. Na devandita valoración teranse en conta os seguintes aspectos: 1) Orixinalidade 2) Aplicación de fundamentos teóricos 3) Calidade da redacción 4) Utilización de fontes bibliográficas Para superar a materia, é necesario alcanzar unha puntuación mínima do 50% no traballo tutelado. A entrega do traballo tutelado será na terceira semana do mes de abril. A revisión das cualificacións efectuarase durante a cuarta semana de maio.	30



Presentación oral	B2 B4 B10 C2 C6 C8 C9	O grupo deberá expoñer o seu traballo, empregando para iso os medios audiovisuais que poidan e esteñan ao seu alcance. É necesario entregar a presentación do traballo en power point ou en calquera outro formato similar. A presentación suporá o 30% da nota final da materia onde de forma individualizada valorarase en cada alumno esa porcentaxe tendo en conta os seguintes aspectos: 1) Calidade da presentación 2) Precisión e claridade da exposición e das respostas. Todos os/as integrantes do grupo deberán expoñer unha parte do traballo dado que a nota da presentación oral será asignada de forma individualizada a cada estudante. Para superar a materia, cómpre acadar unha puntuación mínima do 50% na presentación. Se non se supera esta parte, non se fará media coa cualificación alcanzada no traballo tutelado.	30
-------------------	--------------------------	---	----

Observacións avaliación

Nota:

APRENDIZAXE-SERVIZO/TRABALLOS TUTELADOS (60%): Tal e como se comentou no apartado de planificación, a actividade "aprendizaxe servizo" e a actividade "traballos tutelados" son excluíntes, polo que o alumnado escollerá entre realizar unha ou outra actividade, de tal xeito que a nota correspondente será a suma da asignada a cada actividade, é dicir un 60% da nota final.

En relación ao ApS, esta proba está suxeita á dispoñibilidade dunha entidade ou asociación para levar a cabo o proxecto de aprendizaxe-servizo e tampouco se pode ofrecer a todos os estudantes. . No caso de que o ApS non se poida realizar todos os estudantes realizarán un traballo tutelado

A asistencia e participación é obrigatoria e valorarase tendo en conta a implicación dos estudantes nas sesións presenciais.

A revisión das cualificacións da primeira oportunidade realizaranse durante a cuarta semana do mes de maio.

O sistema de avaliación aplicado na primeira oportunidade manterase para a segunda oportunidade de Xullo. De modo que o alumno/a deberá entregar o traballo correspondente. A entrega de traballos na segunda oportunidade realizaranse na segunda semana do mes de xullo e a revisión das cualificacións farase na terceira semana do mes de xullo.

No caso de alumnos/as con dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Acordarase ao inicio do curso un calendario específico de fechas compatible coa súa dedicación, pero terá a mesma obrigaón de realizar actividades e de acudir a calquer tipo de proba de avaliación que o alumnado a tempo completo.

"A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación (plaxio) implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación de cara a convocatoria extraordinaria".

Para calquera dúbida, todos os aspectos relacionados coa ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC (<https://www.udc.es/gl/normativa/academica/>)

Fontes de información



Bibliografía básica	- LÓPEZ, D. et al (2008). Turismo de negocios y reuniones. Congresos, convenciones e incentivos,. Valencia, Tirant lo Blanch - KIRANT, O; IÇÖZ, O (2010). A Model Proposal on the Use of Creative Tourism Experiences in Congress Tourism and the Congress Marketing Mix. PASOS. Revista de Turismo y Patrimonio Cultural, Vol. 8(3) Special Issue págs. 105-113.. PASOS. Revista de Turismo y Patrimonio Cultural - GARCÍA, J.M.; SUCH M.J (2010). Influencia de los mega-eventos en la oferta alojativa de un destino: los juegos olímpicos. Análisis Turístico 10 2º semestre, pp. 45-55. Análisis Turístico - BUENDÍA, J.M (2009). Organización de Reuniones, Convenciones, Congresos y Seminarios.. México, Trillas - RODRÍGUEZ, M.M (2022). Material básico para el seguimiento de las sesiones magistrales. . - LABORDA, J.L (2000). Congresos, convenciones e incentivos. Madrid, Síntesis.- MIRANDA, D. (2008). Análise do desenvolvemento e o potencial do turismo MICE. Estudo do caso de Galicia e Santiago de Compostela. Dirección Xeral de Turismo, Xunta de Galicia- MAURE AGÜERO, G. (2007). Definiciones y tendencias del turismo de eventos. Contribuciones a la Economía-- RICHERO, A. (2008). Planeación y ejecución de eventos presenciales y en línea. México, Trillas
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1. A entrega dos traballos documentais que se realicen nesta materia:a. Solicitarase en formato virtual e/ou soporte informáticob. Realizarase a través do Campus Virtual, en formato dixital sen necesidade de imprimilos.2. Debe terse en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores de sustentabilidade no comportamento persoal e profesional.3. Traballarase na identificación e modificación de prexuízos e actitudes sexistas, e influirá no medio para modificalos e promover valores de respecto e igualdade.4. Facilitarase a plena integración do alumnado que, por razóns físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimente dificultades para un acceso adecuado, igualitario e rendible á vida universitaria.5. Todo o material elaborado polo profesorado da materia está suxeito á lei de propiedade intelectual. Non se poderá utilizar, en ningún caso, sen a autorización expresa dos seus autores.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías